

# Addenda á programación didáctica do Departamento de Tecnoloxía do curso 2021/22.

Dacordo coa publicación da ORDE do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia, o Departamento de Tecnoloxía acorda realizar as seguintes modificacións:

## Procedementos e instrumentos de avaliación.

- Concrecións metodolóxicas para ESO no período comprendido entre o 6 de xuño e o 22 de xuño:

- **Alumnado con parte da materia suspensa.**

O alumnado realizará probas ou traballos de recuperación específicos para aquelas partes da materia nas que obtivera unha cualificación por debaixo do aprobado.

- **Alumnado coa materia aprobada.**

O alumnado realizará probas ou traballos de reforzo e de ampliación dos contidos traballados durante o curso, coa posibilidade de mellorar ou empeorar as cualificacións na avaliación ordinaria.

- Criterios sobre a avaliación e cualificación para ESO:

- **Procedemento para acadar a nota da 3ª avaliación parcial**

O procedemento será o mesmo que nas outras avaliacións parciais.

- **Procedemento para a recuperación das partes da materia non superada.**

Farase unha ou varias probas nas que se avalíen os puntos contemplados no plan individualizado de recuperación de cada alumno, que se realizará ao finalizar a 3ª avaliación parcial.

- **Procedemento para acadar a nota final .**

- **Alumnado con parte da materia suspensa.**

A nota da avaliación ou avaliacións que non estivesen superadas, substituirase por un 5 no caso de que se recupere no período do 6 ao 22 de xuño. A nota da avaliación ordinaria será a media da nota obtida nas tres avaliacións unha vez feita esta substitución.

- **Alumnado coas tres avaliacións aprobadas.**

A nota da avaliación ordinaria calcularase da seguinte forma:

$$N = \frac{N_1 + N_2 + N_3}{3} + \frac{N_4 - 5}{5}$$

onde  $N_1$ ,  $N_2$  e  $N_3$  son as notas correspondentes ás tres avaliacións parciais, e  $N_4$  e a nota correspondente ao período do 6 ao 22 de xuño. Deste xeito, o devandito período pode supoñer aumentar ou diminuír a nota media das avaliacións parciais ata nun punto. Cabe sinalar que en ningún caso se contempla a posibilidade de que a nota ordinaria baixe de 5.